

# DEPARTAMENTO PIANO ACOMPAÑANTE

# NORMAS DO

# DEPARTAMENTO

## NORMAS PARA A REALIZACIÓN DOS ENSAIOS

- Cada especialidade terá un ou dous pianistas asignados cos que deberá coordinar o reparto do traballo e a participación nas actividades que inclúan ós seus alumnos.
- Para concertar ensaio deberase acudir a falar directamente co pianista acompañante. No caso dos alumnos menores de idade, recoméndase que o primeiro ensaio sexa concertado polo pai/nai ou titor do centro.
- A duración dos ensaios será determinada polo pianista acompañante tendo en conta a dispoñibilidade, a duración e dificultade do repertorio e os recursos dispoñibles.
- No caso do Grao Elemental, recoméndase que o profesor/titor coordine co pianista acompañante para agrupar ós alumnos e optimizar o servizo.
- Para a participación nas audicións, concertos, recitais ou premios, os alumnos deberán realizar un mínimo de 3 ensaios cunha periodicidade semanal.
- Debido á saturación do Servizo, non se permitirá solicitar máis dun ensaio semanal, salvo cando haxa dispoñibilidade e non prexudique ós demais alumnos.
- Os ensaios poderán cambiar de hora e día dunha semana para outra en función da dispoñibilidade. É obrigación dos alumnos reservar espazo tódalas semanas. As faltas sen xustificar e sen notificación, implicarán a perda do dereito a reservar a mesma hora.

## NORMAS PARA A ENTREGA DE PARTITURAS

- O profesor/titor proporcionará o material ó pianista acompañante e coordinará con este o repertorio a traballar.
- Non se aceptarán partituras entregadas fóra de prazo.
- Entregarase o repertorio a traballar ó principio de curso. No caso de ser necesario habilítanse prazos de revisión do repertorio. Estes cambios deben ser aceptados polo pianista e non entorpecer o funcionamento do Servizo.
- O profesor/titor remitirá ó pianista acompañante unha relación de alumnos no que se especifique: nome, curso e repertorio a traballar por trimestres. Esta relación de obras será remitida tamén ó

Xefe de Departamento de Piano Acompañante, quedando así constancia da entrega das partituras en tempo e forma.

- As datas de entrega serán especificadas todos os cursos ao comezo dos mesmos.

## **PÉRDIDA DE AVALIACIÓN CONTINUA**

- Se o alumno quere dispoñer do Servizo, e se lle foi comunicada a perda de avaliación continua, deberá poñerse en contacto co titor e o pianista e seleccionar as obras de entre as traballadas durante o curso polo pianista cos alumnos da especialidade.
- O prazo para solicitalo será de dous meses de antelación ó examen e o alumno deberá realizar un mínimo de tres ensaios con periodicidade semanal.

## **RECITAIS DE FIN DE GRAO**

- O alumno deberá notificar ó seu pianista acompañante ó final do segundo trimestre, a súa intención de realizar o recital de fin de grao. A data e hora da realización do mesmo será valorada entre o pianista, o titor e o alumno, para garantir unha mellor optimización dos recursos e evitar unha sobreesaturación do pianista.
- As obras a interpretar serán as traballadas durante o curso, xa se trate de obras completas ou movementos das mesmas.

## **PREMIO DE FIN DE GRAO**

- Os alumnos que queiran participar no Premio de Fin de Grao deberán comunicarllo ó seu pianista na primeira semana do mes de maio.
- En ningún caso o pianista acompañante preparará novo repertorio para dita proba. Os alumnos deberán interpretar o mesmo repertorio traballado durante o curso (movementos ou obras completas), ou presentar o seu propio acompañamento.
- Unha vez avaliados e rematado o período lectivo dos alumnos de 6º GP, terán prioridade para os ensaios os alumnos dos demais cursos que aínda estean en período de avaliación/audicións. Os ensaios fóra do período lectivo dependerán da dispoñibilidade do pianista acompañante.

## **ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS**

- As actividades que se realicen fóra do Centro e impliquen alumnos ou agrupacións e queiran dispoñer do Servizo de Piano Acompañante, deberán solicitalo ó Departamento e deberá ser unha actividade aprobada en Consello Escolar e comunicada á Directiva.
- En todo caso requirirase a comunicación con antelación para a necesaria organización do Servizo. No caso dos alumnos polo menos un mes antes. No caso das agrupacións, o necesario para a preparación do repertorio e a realización de un mínimo de 2 ensaios.